



Guía Docente				
Datos Identificativos			2018/19	
Asignatura (*)	Traballo de Fin de Grado	Código	652G03041	
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	<p>1. Para formalizar a matrícula do TFG, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos do Grao.</p> <p>2. Para defender o Traballo de Fin de Grao é necesario ter superadas todas as materias do Plan de Estudos, e mais ter o informe favorable da dirección académica do mesmo.</p>			
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación Pedagoxía e Didáctica Psicoloxía			
Coordinación	Brenlla Blanco, Juan Carlos	Correo electrónico	juan.brenlla@udc.es	
Profesorado	Arias Rodríguez, María Alicia Arza Arza, Neves Brenlla Blanco, Juan Carlos Bueno Aguilar, Juan Jose Candedo Gunturiz, María Dolores Fatima Clemente Diaz, Miguel Cruz Lopez, Laura Franco Taboada, Victoria García Cabeza, Belen García Fernández, Manuel Iglesias Galdo, Ana Maria Malheiro Gutiérrez, José Manuel Piñeiro Aguin, Isabel Pose Porto, Hector Manuel Ramos Rodríguez, Xosé Rodríguez Romero, María del Mar Rumbo Arcas, María Begoña Serantes Pazos, Araceli Zapico Barbeito, Mª Helena	Correo electrónico	alicia.arias.rodriguez@udc.es neves.arza@udc.es juan.brenlla@udc.es juan.j.buenoa@udc.es dolores.candedo@udc.es miguel.clemente@udc.es laura.cruz@udc.es v.franco@udc.es belen.garcia.cabeza@udc.es manuel.garcia.fernandez@udc.es ana.iglesias@udc.es jose.malheirog@udc.es isabel.pineiro.aguin@udc.es hector.pose@udc.es jose.ramos@udc.es mar.rromero@udc.es begona.rumbo@udc.es araceli.serantes.pazos@udc.es helena.zapico@udc.es	
Web				



Descrición xeral	<p>O Regulamento para a elaboración do Traballo de Fin de Grao na Facultade de Ciencias da Educación, establece que o TFG debe reflectir as competencias específicas do Practicum, así como as propias do resto de materias do grao.</p> <p>O TFG supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a supervisión da dirección académica asignada.</p> <p>Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao, e en concreto: a capacidade para a búsqueda, xestión, organización e interpretación de datos relevantes- da súa área de estudo- co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.</p> <p>Trátase dunha materia de 6 créditos, o que se corresponde con 150 horas de traballo para o alumnado.</p> <p>Dadas as características da materia a porcentaxe do horas de traballo presencial será acordada en última instancia pola persoa/s encargada/s de dirixir o Traballo de Fin de Grao, establecéndose como obrigatorio que cada alumno/a realice polo menos tres titorías presenciais.</p>
-------------------------	---

Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A4	Distinguir os estadios evolutivos das persoas, e interpretar as súas implicacións educativas.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A6	Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.
A7	Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos
A9	Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.
A10	Analizar, difundir, orientar e desenvolver procesos de promoción cultural.
A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.
A12	Mediar en situacións de risco e conflito.
A13	Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A15	Elaborar e xestionar medios e recursos para a intervención socioeducativa.
A16	Comprender a traxectoria da Educación Social e a configuración do seu campo e identidade profesional.
A17	Formar axentes de intervención socioeducativa e comunitaria.
A18	Dirixir e coordinar planos e proxectos socioeducativos.
A19	Asesorar e supervisar programas, planos, proxectos e centros socioeducativos.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
A21	Deseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos.
A22	
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.



B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Capacidade para indagar e producir coñecemento nun determinado campo.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A4	B4	C4
	A5	B5	C5
	A6	B6	C6
	A7		C7
	A8		C8
	A9		
	A10		
	A11		
	A12		
	A13		
	A14		
	A15		
	A16		
	A17		
	A18		
	A19		
	A20		
	A21		
	A22		



Capacidade para comunicar o coñecemento adquirido a unha audiencia.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A4	B4	C4
	A5	B5	C5
	A6	B6	C6
	A7		C7
	A8		C8
	A9		
	A10		
	A11		
	A12		
	A13		
	A14		
	A15		
	A16		
	A17		
	A18		
	A20		
	A21		
	A22		

Contidos	
Temas	Subtemas
Procedemento para a elección de temas	<ol style="list-style-type: none">1. Proposta por parte dos Departamentos dos temas ou as liñas dos TFG e os directores.2. Aprobación por parte da Comisión de Titulación da listaxe cos temas, así como do número de estudantes que poden escoller cada tema e os criterios de asignación.3. Elección da temática por parte do alumnado matriculado na materia, para o que será convocado á unha reunión na que escollerá en función do seu expediente académico. O proceso rematará cando todo o alumnado presente teña unha temática asignada.4. Listaxe provisoria de asignación de temas e titores/as.5. Período de reclamación.6. Listaxe definitiva. <p>As datas específicas para cada unha das fases do procedemento serán publicadas no Moodle da materia.</p>
Modalidade de TFG	<p>Unha vez escollido o tema, o/a estudante acordará co seu titor/a de TFG o tipo de TFG a realizar entre as seguintes modalidades:</p> <ol style="list-style-type: none">a. Estudos empíricos (poderán estar relacionados coa experiencia de Prácticum II)b. Revisión bibliográfico-documental.c. Análise de proxectos socioeducativos.d. Deseño de proxectos socioeducativos.



Estrutura orientativa do TFG	<ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción 2. Obxectivos e/ou preguntas de investigación 3. Xustificación teórica e contextualización 4. Metodoloxía de traballo e actividades propostas 5. Avaliación, resultados e/ou conclusións 6. Valoración 7. Relación de fontes documentais 8. Anexos
------------------------------	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral	B1 B6 C1 C2 C3	1	9	10
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	137	137
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	<p>SOLICITUDE DE DEFENSA:</p> <p>Unha vez finalizado o proceso de elaboración do TFG, e unha vez obtido o informe favorable do director/a do mesmo, o alumnado terá que presentar, no prazo establecido polo centro, un exemplar en formato dixital do TFG a través da plataforma de Moodle; 3 exemplares en papel do resumo do TFG, así coma o impreso de solicitude de avaliación.</p> <p>DEFENSA:</p> <p>Unha vez que se faga pública a convocatoria do tribunal, o alumnado debe presentarse á hora indicada e agardar a ser chamado polo secretario/a do mesmo.</p> <p>Para a defensa deberá acudir cun documento identificativo (DNI ou Pasaporte), e o resto de documentos que se soliciten, se é o caso.</p> <p>Para a exposición, que será pública, disporá dun tempo de 15 minutos e o tribunal disporá de 15 minutos para realizar as preguntas que estimen oportunas e debatir co alumno/a.</p> <p>O alumnado poderá utilizar canto material sexa preciso para exposición.</p>
Traballos tutelados	<p>O alumnado realizará o TFG baixo a supervisión e guía da súa dirección académica.</p> <p>A dirección será responsable de expoñerlle ao estudantado as características do traballo, e orientalo no seu desenvolvemento. Realizará un seguimento da elaboración do TFG e velará polo cumprimento dos obxectivos fixados. Unha vez finalizada a elaboración autorizar a presentación e defensa do TFG.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Unha vez publicada a listaxe definitiva de asignación de temáticas e dirección académica, o alumnado terá que poñerse en contacto coa súa dirección académica nun prazo máximo de dez días naturais.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Avaliación emitida pola dirección académica sobre a adquisición de competencias reflectidas no traballo realizado (contido e formato). Valoraranse as seguintes cuestións: - Proceso e aspectos formais (10): adecuación ao formato esixido; organización da información segundo os apartados establecidos e o tipo de traballo; calidade na exposición do contido e uso da terminoloxía apropiada; incorporación das referencias bibliográficas oportunas. - Contido do traballo (60): fundamentación teórica (xustificación e contextualización, elección de fontes axeitadas); proposta/proxecto/estudo (profundidade e adecuación dos contidos de cada parte, coherencia interna, viabilidade, pertinencia e/ou carácter innovador); resultados/conclusións (relación cos obxectivos formulados; grao de comprensión dos coñecementos dunha área de estudo concreta vinculada ao Grao)	70
Presentación oral	B1 B6 C1 C2 C3	Avaliación emitida polo tribunal sobre a exposición e defensa pública do TFG. Valoraranse as seguintes cuestións: - Grao de elaboración, fundamentación, claridade e solidez do discurso, facendo un uso adecuado e rigoroso da linguaxe. - Capacidade de síntese e de distribución do tempo, facendo fincapé nos aspectos clave para entender o interese do traballo. - Resolución, concreción e exactitude das respostas ás preguntas e aos comentarios formulados polo tribunal	30

Observacións avaliación

Fontes de información

Bibliografía básica	As consensuadas coa dirección académica do Traballo de Fin de Grao. Deberán estar ben referenciadas no TFG.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndanse evitar imprimir borradores, e se non é posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías